

A GRAN MENTIRA SOBRE A REFORMA DAS PENSIONS

No ano 1996 o Banco de España, a Cúpula dos Empresarios, a Unión Europea e todos os analistas pagados polo sistema, pronosticaron a quebra da caixa das pensións no ano 2012. Dende aquela data levan insistindo nunha campaña de derribo das Pensións Públicas coa única finalidade de trasladar este sistema ao control dos Bancos e as Aseguradoras para convertelo en negocio do Capital financeiro. Vexamos porque minten.

Un sistema de pensións que favorece aos ricos

NO presente a pesar de todos os malos pronósticos, a caixa das pensións ten un importante superávit que no ano 2008 chegou aos 50 mil millóns de euros. A explicación é sinxela o sistema de pensións capitalízase polo número de traballadores e traballadoras en activo, e dicir a clase traballadora creceu en 30 anos preto do 70% no Estado, en gran parte pola entrada fundamentalmente das mulleres e poboación agraria desprazada á industria, construción e servizos; por iso a pesar da opinión destes agoreiros nunca foi tan solvente o sistema. En Galiza por exemplo neste período pasamos de menos 700 mil traballadores/as a mais de 1 millón douscentos mil.

Cando falan que a expectativa de vida crece, esquecense de dicir que a media de vida da clase traballadora asociada a traballados de dureza e intensa fatiga, como os da industria, automóbil, naval, construción, pedra mar, conserva, téxtil, limpeza, etc, é inferior aos 72 anos. Contrariamente a dos executivos, empresarios, banqueiros, xuíces, notarios, profesións liberais, etc, teñen unha expectativa de vida 10 anos maior. Por tanto quen mais diñeiro ten disfruta mais anos e mellores pensións.

A proxección económica nos próximos anos, como non pode ser doutra maneira, crecemento do PIB e por tanto da produtividade e de poboación ocupada, así a ecuación sempre favorece o mantemento solvente do sistema de pensións. A solución sempre é mais sinxela, o Estado Español ten a porcentaxe de temporalidade maior de Europa, mentres a media Europea non chega ao 17%, no Estado está preto do 40%. Esta precariedade favorece as empresas para explotar mais á clase traballadora e impide que moitos e moitas coticen mais anos, o que favorecería os ingresos da Caixa e daría mellores pensións. Esta debería ser a verdadeira reforma, modificar o réxime de contratación temporal para crear mais emprego fixo.

Tanto o P.P e PSOE, levan anos querendo reformar de xeito brutal o sistema público de Pensións, pero teñen medo á contestación popular, por iso, outros encárganse de facer a campaña apocalíptica sobre a quebra do sistema. As pensións son un dereito fundamental e público, polo que en calquera

caso debe estar asegurado polos ingresos xerais do Estado, antes que moitos outros gastos.

A proposta de reforma do Goberno ataca dous frentes, a ampliación da idade de xubilación aos 67 anos e a ampliación da media de anos para o cálculo que debería cobrar o traballador ou traballadora, Neste intre tómanse a media de salario dos últimos quince anos. A primeira medida é devastadora porque nun momento de crise e con taxas elevadas de desemprego, retrasar a idade de xubilación significa impedir a entrada de mais de 200 mil traballadores por ano que substituirían aos que se xubilan. Por outra parte penaliza á clase traballadora que ten as actividades mais duras e penosas que xa agora non chegan en activo aos 65 anos.

A segunda medida ampliando os últimos anos de media para o cálculo da pensión, afectará de especial maneira a todos e todas que non son fixos e non teñen unha cotización permanente, pois poderían retroceder neste cálculo a salarios de 30 anos atrás. Canto mais atrás mais baixos e a pensión mais pequena. O Goberno e o P.P atacan sempre a clase traballadora mais precaria.

O Goberno lanza unha proposta extremadamente dura sabendo que terá contestación social, probablemente ataca forte para logo sacar unha nova proposta que poida ser admitida sen demasiados reproches. O mal menor, pero tampouco podemos aceptar nada que non sexa mellorar as coberturas actuais, especialmente para aqueles sectores de actividade mais castigados fisicamente e para os mais precarios.

A CIG convocará proximamente mobilizacións para defender o sistema público das pensións e esixir medidas contra a crise que está desmantelando sectores estratéxicos da nosa economía. Contaremos contigo.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com